



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2, 36640 Pontecesures, Pontevedra
T. 986 557 125 / F. 986 557 554 / www.pontecesures.org

COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1. Datos da persoa interesada:

Nome e apelidos / Razón social: NIF / DNI / NIE:
Rúa / Lugar: Núm.: Escaleira: Andar: Porta:
Código Postal: Localidade: Provincia:
Teléfono: Correo Electrónico:
Método de notificación: ☐ papel ☐ electrónica

2. Datos da persoa representante:

Nome e apelidos / Razón social: NIF / DNI / NIE:
Rúa / Lugar: Núm.: Escaleira: Andar: Porta:
Código Postal: Localidade: Provincia:
Teléfono: Correo Electrónico:
Método de notificación: ☐ papel ☐ electrónica

3. Localización da obra:

Rúa / Lugar: Núm.: Escaleira: Andar: Porta:
Código Postal: Localidade: Provincia:
Referencia catastral:

4. Datos da edificación:

Expediente de licenza ou comunicación previa de obra:
Data de concesión da licenza ou de presentación da comunicación previa:

5. Orzamento das obras:

Orzamento declarado (na licenza ou comunicación previa):
Orzamento de liquidación (real da obra executada):

DECLARACIÓN

D./D.^a: DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que
é certo que manifesta no presente escrito e, en todo caso:

- ☐ Que AUTORIZA a que se vire visita de inspección municipal aos efectos de comprobar os extremos contidos nesta declaración e ao axuste das obras ao previsto na licenza ou comunicación previa de obras, con autorización expresa e irrevogable de entrada e acceso a todas as dependencias do edificio ou actuación declarada.
- ☐ Que a obra executada e a comunicación previa de primeira ocupación que se presenta cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación, e que a edificación está rematada e se axusta á licenza urbanística concedida ou a comunicación previa presentada e se cumpren a totalidade das condicións impostas nelas.
- ☐ Que é coñecedor de que no caso de exercerse unha actividade económica deberá presentar tamén unha comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade, de acordo co establecido no art. 24.2 da Lei 9/2013, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
- ☐ Que a persoa interesada comprométese a non ocupar a edificación ata o transcurso de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da presentación desta comunicación xunto coa documentación completa, e sempre que nese tempo non se tivera notificado por esta administración a falta de documentación ou a ineficacia da comunicación.
- ☐ Que se achegan todos os documentos que se relacionan nos apartados seguintes



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2, 36640 Pontecesures, Pontevedra
T. 986 557 125 / F. 986 557 554 / www.pontecesures.org

COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

EN TÓDOLOS CASOS

- ☐ Fotocopia do DNI/NIE da persoa interesada e, de ser o caso, pola persoa representante
- ☐ Certificado final de obra subscrito polo/s técnico/s director/es e visado polo/s colexio/s oficial/ais correspondente/s
- ☐ Fotografías exteriores (tódalas fachadas) e interiores, e das obras de urbanización asociadas á edificación (de ser o caso)
- ☐ Documento acreditativo de ter presentado a alteración catastral correspondente (modelo 900-D ou equivalente)
- ☐ Certificación/s do Rexistro da Propiedade sobre anotacións de indivisibilidade, condicións especiais da licenza, ... de ser o caso
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais correspondentes.
- ☐ Documento que acredite a representación (de ser o caso) asinado pola persoa interesada e pola persoa representante

EN CASO DE PROMOCIÓN CONXUNTA DE VIVENDAS

- ☐ Certificado de illamento acústico por empresa homologada, conforme art. 10.2 do Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia
- ☐ Boletín fin de obra da ICT

CONSIDERACIÓNS

O réxime e os efectos da comunicación previa de primeira ocupación serán os establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos á mesma, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo (artigo 146.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

En ningún caso poderá entenderse lexitimada a execución da actuación amparada na comunicación previa cando sexa contraria ou disconforme coa legalidade aplicable.

De conformidade co disposto no artigo 362 do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constate as circunstancias ás que se refire o punto anterior, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta Administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios con outras Administracións Públicas para a tramitación da súa solicitude ou comunicación, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar a dita documentación:

☐ Non autorizo o acceso

En Pontecesures a de de 20....
Sinatura da persoa interesada ou do seu representante:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE PONTECESURES